



Examinada a solicitude de axuda formulada pola "Fundación Banda de Gaitas da Provincia de Pontevedra", co CIF G27857721, para contribuír a sufragar os gastos relacionados co funcionamento da Fundación.. Esta axuda concédese ao abeiro do disposto nos artigos 19.4, letra c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia (en adiante LSG) e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións e considerando os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

A "Fundación Banda de Gaitas da Provincia de Pontevedra", co CIF G27857721, presentou unha solicitude de axuda , con data de entrada 01.06.2023, para financiar os gastos relacionados co funcionamento da Fundación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Nos termos do establecido no artigo 19 da LSG, o obxecto da axuda proposta é favorecer que a entidade realice actividades de interese social.

Segundo.- O expediente tramitase ao abeiro do establecido nos artigos 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e tamén con base no disposto nos artigos 19.4, letra c) e nos artigos 31.6 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia poderanse realizar pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. No caso de subvencións correntes, cando o importe da subvención non supere os 18.000 euros as bases reguladoras poderán prever a concesión de pagamentos anticipados de ata un 80% da subvención concedida e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

Terceiro.- O pagamento tramitarase unha vez que o representante da entidade beneficiaria da axuda aporte as facturas ou documentos xustificativos que acrediten a realización e pago dos gastos derivados da organización da actividade obxecto da axuda directa.

De acordo có disposto no artigo 40.1º, letra d), do Regulamento de subvención, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Ao abeiro do artigo 21.1º, do citado Regulamento, o orzamento da actividade presentado polo solicitante, ou as súas modificacións posteriores servirán de referencia para a determinación final do importe da subvención, calculando este como unha porcentaxe do custo final da actividade. Neste caso o eventual exceso de financiamento público calcularase tomando como referencia a proporción que debe alcanzar a achega respecto do custo total.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da axuda será ata o 15 de decembro de 2023.

Cuarto.- Tendo en conta a normativa citada e á vista da solicitude presentada, considérase que a "Fundación Banda de Gaitas da Provincia de Pontevedra", co CIF G27857721, cumpre cós requisitos necesarios para a concesión dunha axuda directa.





O artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, establece que o Conselleiro é a autoridade superior da Consellería e como tal ostenta a representación do departamento que preside.

Con data do 01.06.2023 a Fundación Banda de Gaitas da Provincia de Pontevedra presentou unha solicitude electrónica, para solicitar unha axuda directa para financiar os gastos relacionados coa fundación.

No exercicio das súas competencias, o Vicepresidente primeiro e Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes ten previsto conceder unha subvención a Fundación Banda de Gaitas da Provincia de Pontevedra, co CIF G27857721, para sufragar os gastos relacionados co funcionamento da Fundación.

Ós efectos do previsto no artigo 26.2-a), da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións públicas de Galicia e concordantes do Regulamento de subvencións, faise constar que o cumprimento do obxectivo de favorecer a utilidade pública e o interese social se cumpre, xa que un dos obxectivos é a promoción de actividades de interese social e de carácter cultural.

A subvención que se outorgará ascende a cantidade de cinco mil euros (5.000,-€), financiándose co crédito consignado na aplicación orzamentaria 06.01.121A.481.0 (C.P.2015 00111) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o 2023 onde hai crédito axeitado e suficiente para asumir este gasto.

O expediente tramitarase o abeiro do establecido no artigo 49 da Lei 6/2022, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade autónoma de Galicia para o ano 2023 en concordancia co establecido 19.4.c e 26.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán concederse de forma directa con carácter excepcional, aquelas subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

Con base no disposto nos artigos 31.6 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 63 Do Decreto 11/2009, de 08 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia poderanse realizar pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. No caso de subvencións correntes, cando o importe da subvención non supere os 18.000 euros as bases reguladoras poderán prever a concesión de pagamentos anticipados de ata un 80% da subvención concedida e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

Pola súa banda, a Orde de 4 de xaneiro de 2010 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello da Xunta de Galicia do 30 de decembro de 2009 polo que, en aplicación do disposto no artigo 97.2 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, se aproba o réxime de fiscalización limitada previa para determinados expedientes de gasto, establece que nas axudas de concesión directa a posibilidade de que se realicen pagamentos con carácter anticipado deben vir prevista na resolución da concesión.

De acordo có disposto no artigo 40.1º, letra d), do Regulamento de subvención, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, axudas,





ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da axuda será ata o 15 de decembro de 2023. En vista do exposto

PROPONSE

1-Aprobar a concesión dunha axuda de concesión directa a favor da "Fundación Banda de Gaitas da Provincia de Pontevedra", co CIF G27857721, por importe de cinco mil euros (5.000,-€), financiándose co crédito consignado na aplicación orzamentaria 05.06.01.121A.481.0 (C.P.2015 00111), dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2023.

2- Que se lle comunique a presente resolución á entidade interesada

A Secretaria Xeral Técnica

Elena Muñoz Fonteriz

FISCALIZADO DE CONFORMIDADE

Interventor delegado (data da sinatura dixital)

Juan José González Acevedo

RESOLVO

Dar a miña aprobación á proposta de resolución

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á súa notificación de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 15 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, ou ben, recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do Contencioso-Administrativo, de acordo co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación.

O Vicepresidente primeiro e Conselleiro da Presidencia, Xustiza e Deportes
(data da sinatura dixital)

Diego Calvo Pouso

